

REPARTICIÓN ROLES ENTRE ALUMNOS E SIMULACIÓN



PRIMEIRO ROL:

Un alumno é o xefe.
Outro alumno é o traballador.

Situación: O xefe despide ao traballador. Éste ten que facer preguntas sobre a situación do seu despido e o xefe debe respondelas.

Conclusións: O resto da clase ten que dicir se o despido é legal ou ilegal.

SEGUNDO ROL:

Un alumno fai de xefe de RRHH.
Outro alumno fai de futuro traballador.

Situación: O xefe explícalle na entrevista de traballo qué tipo de contrato vai ter e o aspirante ao posto debe preguntar cantos meses de proba ten, qué convenio regula o seu contrato entre outras cousas.

Conclusións: O resto da clase concluirá se o demandante de emprego fixo as preguntas correctas e se o xefe explicou todo con rigor.



TERCEIRO ROL:



Un alumno ou alumna fai de traballador ao que despediron sen xustificación e dun xeito improcedente. Os outros alumnos e alumnas son os compañeiros do traballador despedido.

Situación: Os alumnos teñen que se reunir e apoiar ao compañeiro colectivamente e plantexar ao xefe que volva a contratalo. Para isto, deben facer unha listaxe de dereitos do traballador.

Conclusións: O resto da clase deberá concluir de o traballo e a defensa colectiva foi satisfactoria.

CUARTO ROL:

Un alumno é o traballador que non realiza ben o seu traballo. Outros alumnos fan o papel de equipo directivo.



Situación: Os directivos reúnen e falan sobre o despido do traballador, xustificando cales son os seus debres non realizados e por tanto deben xustificar o seu despido.

Conclusións: O resto da clase debe concluir se o despido é xustificado.